

CADRO RESUMO

PODER ADXUDICADOR: DEPUTACIÓN DE LUGO
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: XUNTA DE GOBERNO
PROCEDEMENTO: ABERTO
TRAMITACIÓN: Ordinaria
LICITACIÓN ELECTRÓNICA
EXPEDIENTE Nº: 2024/CON_02/000058

A. TIPO DE CONTRATO: CONTRATO MIXTO de suministro e de servizos con maior peso da parte da subministración (artículo 18.1.1a) LCSP).

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, do artigo 16.1 LCSP, ao ter por obxecto a adquisición de produtos ou bens mobles, con contía total definida con exactitude.

B. OBXECTO DO CONTRATO: O obxecto do contrato é a modificación e actualización da exposición da colección da Sala de Numismática e Medallística, sita na sala nº 10 da Planta do Museo Provincial de Lugo, co obxectivo de mellorar a protección, conservación e comunicación das pezas despois da adquisición dun conxunto de moedas galegas antigas.

As necesidades administrativas a satisfacer así como, no caso de servizos, a insuficiencia de medios son as que se recollen na memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7UGLYLD77STLG4CFHVGYRBJ4

O obxecto principal consta no proxecto expositivo realizado pola empresa Papaventos Producións Culturais S.L.U, empresa adxudicataria do contrato de deseño, e supervisara a dirección da montaxe en coordinación coa dirección técnica facultativa do museo.

Dito proxecto está incorporado como anexo no prego de prescricións técnicas PPT desta licitación, con CSV: IV7UGLYLH4JI76U4YNMDCNRVEU

C. DIVISIÓN POR LOTES:

NON. Xustifícase a non división en lotes na memoria xustificativa do contrato.

D. CPV: 39154000-Equipamento de exposición.

E. ORZAMENTO: O orzamento base de licitación deste contrato ascende a SESENTA E DOUS MIL TRESCENTOS SEIS EUROS (62.306,00 €) aos que hai que engadirle TRECE MIL OITENTA E CATRO EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (13.084,26€) (21%) en concepto de IVE o que ascende a un total de SETENTA E CINCO MIL TRESCENTOS NOVENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (75.390,26 €), de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

F. VALOR ESTIMADO: O valor estimado do contrato ascende a 62.306,00 €.


G. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: NON

H. REGULACIÓN HARMONIZADA (arts.21 e 22 LCSP): NON

I. DURACIÓN DO CONTRATO/ PRAZO MÁXIMO DE ENTREGA: Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario disporá dun máximo de DEZ SEMANAS, para a fabricación e preparación de todo o material, e un prazo máximo de DÚAS SEMANAS para a subministración, instalación, retirada e modificación de todo o material obxecto deste contrato

J. GARANTÍA PROVISIONAL: SI NON

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	1/48



K. GARANTÍA DEFINITIVA: SI NON

Ver cláusula décima do PCAP.

L. GARANTÍA COMPLEMENTARIA: SI NON

Ver cláusula décima do PCAP.

M. DATOS DE FACTURACIÓN:

ENTIDADE CONTRATANTE	DEPUTACION DE LUGO. CIF: P-2700000-I San Marcos, 8 -27001 Lugo		
OFICINA CONTABLE	Servizo de contabilidade	Código DIR3	LA0004267
ORGANO XESTOR	Presidencia	Código DIR3	LA0004268
UNIDADE TRAMITADORA	Rede Museística	Código DIR3	LA0004195

N. APLICACIÓN ORZAMENTARIA: Existe Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7U4PSYDZ5OJW5S2L7FAVSSCY

O. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: A puntuación máxima son 100 puntos.

Existe proposta de criterios de adxudicación na memoria xustificativa do contrato.
Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª deste PCAP.

Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Prezo	60
Ampliación da garantía. • 1 ano adicional : 2 puntos • 2 anos adicionais: 4 puntos.	4
Criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Oferta técnica. - Os medios humanos postos a disposición do proxecto.(Máx.20 puntos) - Os medios materiais postos a disposición do proxecto.(Máx.10 puntos) - Proposta xustificada de redución de prazos de entrega.(Máx.6 puntos)	36
TOTAL PUNTOS	100 Puntos

-CRITERIOS AUTOMÁTICOS

1. OFERTA ECONÓMICA EXPRESADA EN EUROS (PREZO). Valorase cun máximo de 60 puntos

A oferta exprésase en euros, axustada a un máximo de dous decimais.

O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que oferta ao tipo de licitación.

As proposicións que excedan do prezo máximo de licitación serán excluídas.

O licitador que oferte o menor prezo obterá a máxima puntuación. As ofertas que igualem o tipo de licitación obterán 0 puntos.

O resto de ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntuación} = \text{POE} * (\text{PB}/\text{PO})$$

Onde:

POE: Puntuación da oferta económica.

PB: Prezo máis baixo de entre todas as ofertas presentadas.

PO: Prezo ofertado pola empresa que se valora.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	2/48



2. AMPLIACIÓN DA GARANTÍA: 4 Puntos

O prazo da garantía fixado no expediente é de 2 anos. Outorgaranse 2 puntos por cada ano adicional que se oferte por riba do mínimo fixado no prego, hasta un máximo de 4 puntos.

- 1 ano adicional : 2 puntos
- 2 anos adicionais: 4 puntos.

-CRITERIOS MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: 36 Puntos

A oferta do licitador deberá detallar nunha memoria técnica os recursos que adicará á execución dos traballos, tanto humanos como técnicos, as ferramentas e os procedementos que utilizará para executar o proxecto, a organización do proxecto, as tarefas concretas que identifique e un calendario/cronograma coa planificación das mesmas.

A memoria que acompañe a proposta deberá ter unha extensión máxima de 30 páxinas. Deberá presentarse en formato A4, con interliñado de 1,5 e marxes de 2,5 cm. A tipografía a utilizar será Arial ou Calibri, cun tamaño de letra de 11 puntos. As páxinas deberán estar numeradas e poderán incluír gráficos ou imaxes, sempre que non excedan o límite de extensión establecido.

Aquelas ofertas técnicas que non acaden a puntuación mínima de 12 puntos sobre os 36 puntos totais, non continúen no proceso de valoración por non alcanzar o mínimo de calidade esixido.

Neste apartado valorarase:

1. Os medios humanos postos a disposición do proxecto: (perfis, adicación ao proxecto, organización, cadea de mando, etc.)

O licitador deberá garantir que o persoal encargado do manipulado de bens culturais, como moedas ou outros obxectos de valor histórico ou artístico, conte coa experiencia e o coñecemento axeitados aínda que serán supervisados pola dirección o persoal técnico do museo. Especificamente, o equipo deberá demostrar:

- Experiencia previa no manexo de obxectos patrimoniais, especialmente moedas e pezas similares.
- Formación en conservación preventiva para minimizar os riscos durante os movementos para a exposición dos bens.
- Capacidade para traballar en coordinación cos técnicos e/ou restauradores do museo, se fose necesario.

Moi adecuada (de 16 a 20 puntos): A proposta cumpre e mellora notablemente os mínimos esixidos nos pregos, incorporando ademais valor engadido moi axeitado para as necesidades e o obxecto do contrato.

Adecuada (de 11 a 15 puntos): A proposta cumpre e mellora de forma moderada os mínimos esixidos nos pregos, achegando un certo valor engadido, sen ser especialmente relevante.

Suficiente (de 6 a 10 puntos): A proposta cumpre os mínimos esixidos, pero non achega melloras notables nin valor engadido.


Insuficiente (de 0 a 5 puntos): A proposta é escasa e cubre os mínimos esixidos nos pregos de forma deficiente.

2. Os medios materiais postos a disposición do proxecto: (ferramentas, equipos, tecnoloxías específicas, procedementos, etc.)

A empresa licitadora deberá garantir que dispón dos medios materiais adecuados para a fabricación de vitrinas e demais elementos expositivos solicitados no proxecto. Deberá presentar unha relación detallada do equipo, ferramentas e tecnoloxías específicas que se van a empregar para garantir a calidade e

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	3/48



precisión da execución. Valorarase especialmente a capacidade de producir de forma autónoma a maior parte dos procesos de fabricación, minimizando a dependencia de terceiros. Especificamente, a proposta deberá incluír:

- Equipos e maquinaria especializada para a fabricación de vitrinas, que aseguren acabados de alta calidade conforme ás esixencias do proxecto.
- Ferramentas e tecnoloxía para cortar, ensamblar e montar todos os materiais necesarios.
- Procedementos de control de calidade durante o proceso de fabricación, garantindo que os produtos cumpran cos estándares establecidos.
- Relación detallada de todos os equipos de produción dispoñibles e a súa capacidade para cumprir cos prazos de execución do proxecto.

Moi adecuada (de 8 a 10 puntos): Unha proposta que destaque por dispoñer de medios materiais que permiten realizar a maior parte dos procesos de fabricación de forma autónoma, sen depender de terceiros. Os equipos e tecnoloxías presentados son suficientes para garantir una execución eficiente e de alta calidade, conforme ás especificacións detalladas no proxecto.

Adecuada (de 5 a 7 puntos): A proposta cumpre coas esixencias, contando con medios materiais adecuados que permiten a la execución da maior parte dos procesos. Sen embargo, a empresa depende en certa medida de provedores externos para algúns aspectos do proceso de fabricación.

Suficiente (de 3 a 4 puntos): A proposta cumpre os mínimos esixidos, pero amosa unha significativa dependencia de terceiros para completar procesos clave na fabricación das vitrinas e outros elementos expositivos.

Insuficiente (de 0 a 2 puntos): A proposta non cumpre de forma adecuada cos mínimos esixidos, presentando medios materiais insuficientes ou una elevada dependencia de terceiros para a execución do proxecto, o que pode comprometer a calidade e os prazos de entrega.

3. Proposta xustificada de redución de prazos de entrega:

Valorarase de xeito positivo a proposta daquelas empresas licitadoras que presenten un cronograma detallado e completamente xustificado que permita unha redución do prazo de entrega, inicialmente estipulado en 12 semanas, ata un máximo de 3 semanas. A redución deberá estar respaldada por unha planificación clara que xustifique a viabilidade de cumprir cos obxectivos do proxecto sen comprometer a calidade nin a correcta execución dos traballos.

Esta redución será avaliada en función da coherencia e realismo do cronograma presentado.

Sen redución sobre o prazo orixinal de 12 meses: 0 puntos

Redución de 1 semanas sobre o prazo total: 2 puntos

Redución de 2 semanas sobre o prazo total: 4 puntos

Redución de 3 semanas sobre o prazo total: 6 puntos

P. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN: As recollidas na cláusula 22.2.


Q. PENALIDADES: As recollidas na cláusula 22.4.

R. SOLVENCIA REQUIRIDA (IMPORTES):

1. Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios (1,5 do valor estimado)	Patrimonio neto positivo
93.459,00€	≥ 1

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	4/48



2. Solvencia técnica ou profesional:

70% do valor anual medio
43.614,20€

S. SUBCONTRATACIÓN:

SI; ver cláusula 30.

T. MODIFICACIÓN prevista no PCAP (204 LCSP): SI NON.

U. COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN:

PRESIDENTA:

Titular: Dona Loreto Rodríguez Costas, Xefa da Sección I de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

Suplente: Dona Sonia Méndez García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

VOGAIS:

1º.- A persoa que exerza a titularidade da Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo:

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral.

Suplente: Don Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento.

Suplente 2º: Dona Leticia Rodríguez Díaz, Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos.

2º.- A persoa que exerza a titularidade da Intervención Xeral da Deputación Provincial de Lugo:

Titular: Dona Rosa Abelleira Fernández, Interventora Xeral.

Suplente: Segundo o disposto na Base 35º, apartado 1º e 2º das Bases de Execución do Orzamento.

3º.- Un funcionario/a ou persoal laboral fixo integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación:

Titular: Blanca Besteiro García, responsable do Dpto. de Restauración

Suplente: Enrique J. Alcorta Irastorza, arqueólogo do Museo Provincial de Lugo

4º.- Un funcionario/a do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2 ou persoal laboral fixo do grupo A ou B segundo o previsto ao efecto para o persoal laboral polo artigo 6.2 do vixente Regulamento de acceso, carreira, e provisión de postos da Deputación de Lugo, de calquera servizo, sección ou unidade da Deputación de Lugo:

Titular: Dona Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección I de Contratación Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Suplente: Dona Sonia Méndez García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

SECRETARIO/A, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do Servizo de Contratación e Fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2:

Titular: Dona María del Carmen Dorado Duro, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	5/48



Suplente: Dona Estíbaliz Castelao García, Administrativa do Servizo de Contratación e Fomento.

Suplente 2º: Dona Sonia Méndez García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Representantes políticos que comunicaran a súa asistencia, con voz e sen voto: Cada grupo político provincial poderá designar un representante para asistir ás mesas de contratación comunicando dita vontade por rexistro de entrada.

V. RESPONSABLE DO CONTRATO: Dna. Aurelia Balseiro García, Directora do Museo Provincial de Lugo, ou persoa en que delegue ou o substitúa.

W. PRAZO DE GARANTÍA: 2 anos, sen perxuízo do ofertado no criterio de adjudicación .

X. FORMA DE PAGO:

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura, previa recepción formal do material museístico, coa conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise a correcta entrega, expedida de acordo coa normativa vixente. O pago será único, unha vez finalizados a totalidade dos traballos e realizarase polo realmente executado.

Asinarase acta de recepción, conforme o disposto na cláusula 21 deste PCAP.

Y. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Na Plataforma de Contratos do Sector Público precisarase o último día para presentar proposicións.

Contratos non suxeitos a regulación harmonizada NON INTEGRAMENTE ELECTRÓNICO OU CON VISITAS: : 20 días naturais, contados desde a o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (art. 156.6 da LCSP).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PREGUNTAS

Primeiros 10 días dos 20 días naturais para presentar ofertas.


Z. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Con carácter exclusivo e excluínte: Plataforma de contratación do Sector Público: <https://contrataciondelestado.es/>.

AA. VISITAS ÁS INSTALACIÓNS

A data de visitas informativas as dependencias obxecto da licitación será publicada no perfil do contratante. Para tal fin, os interesados, no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación, concertarán previamente a visita, mediante solicitude a través do correo electrónico da directora Aurelia Balseiro García direccion@museolugo.org facilitando os seguintes datos:

- Denominación da persoa xurídica ou física que solicita a visita.
- NIF ou DNI.
- Identificación da persoa que envía o correo electrónico.
- Nome e DNI das persoas que terían que acceder ás instalacións.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	6/48




BB. INFORMACIÓN DE CONTACTO:

Teléfono Servizo de Contratación: 982260190

Teléfono do Museo Provincial: 982 242 112

LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DOS PREGOS: Plataforma de contratación do Sector Público: <https://contrataciondelestado.es/>.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	7/48



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ÍNDICE DO CLAUSULADO E ANEXOS

PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO DA CONTRATACIÓN7
 SEGUNDA.- OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO7
 TERCEIRA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN8
 CUARTA.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, PREZO DO CONTRATO8
 QUINTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN. PRÓRROGA9
 SEXTA.- APTITUDE PARA CONTRATAR10
 SÉTIMA.- SOLVENCIA10
 OITAVA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN10
 NOVENA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO11
 DÉCIMA.- GARANTÍAS ESIXIDAS11
 DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS12
 DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN13
 DÉCIMO TERCEIRA.- OFERTAS CON VALORES ANORMALMENTE BAIXOS OU DESPROPORCIONADOS13
 DÉCIMO CUARTA.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS15
 DÉCIMO QUINTA.- MESA DE CONTRATACIÓN17
 DÉCIMO SEXTA.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DE OFERTAS17
 DÉCIMO SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A MELLOR OFERTA20
 DÉCIMO OITAVA.- ADXUDICACIÓN24
 DÉCIMO NOVENA.- FORMALIZACIÓN25
 VIXÉSIMA.- RESPONSABLE DO CONTRATO26
 VIXÉSIMO PRIMEIRA.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.27
 VIXÉSIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS. SISTEMA DE PENALIDADES27
 VIXÉSIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO33
 VIXÉSIMO CUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO34
 VIXÉSIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO35
 VIXÉSIMO SEXTA.- RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO.35
 VIXÉSIMO SÉTIMA.- SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO35
 VIXÉSIMO OITAVA.- PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA35
 VIXÉSIMO NOVENA.- PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS36
 TRIXÉXIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN36
 TRIXÉSIMO PRIMEIRA.- CONTESTACIÓN DE DÚBIDAS37
 ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS (OBRIGATORIO)39
 ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN CON CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (Obrigatorio).43
 ANEXO IIbis. MODELO DE OFERTA TÉCNICA. Sobre de criterios sometidos a xuízo de valor.
 ANEXO III: MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)45

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	8/48



PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO DA CONTRATACIÓN

1.1. O contrato que se adxudique seguindo o presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

As partes quedan sometidas expresamente ao establecido no presente prego (PCAP), nos seus anexos, e no prego de prescricións técnicas particulares (PPT), que revestirán carácter contractual.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o resto da documentación que reviste carácter contractual, prevalecerá o presente prego, sen prexuízo de respectar o principio de especialidade en función do contido reservado a cada un dos pregos, pola respectiva normativa de aplicación.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexeráse pola Directiva 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLC), en todo o que non se opoña ao anterior, a normativa posterior e as súas cláusulas derogatorias.

Así mesmo, segundo o previsto na Disposición final cuarta da LCSP, os procedementos contractuais rexeráse, subsidiariamente, polos preceptos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nas súas normas complementarias. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

1.2. Recursos.

En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º. Contra as actuacións que caiba recurso especial en materia de contratación, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios. O recurso especial en materia de contratación interpoñeráse ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>, dentro do prazo de quince días hábiles computados segundo o fixado no artigo 50 da LCSP. O Tribunal ten a súa sede en Lugo e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo para as funcións de rexistro que precise .


Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44.1 da LCSP, poderán ser obxecto de recursos administrativos ordinarios, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SEGUNDA.- OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

2.1. Obxecto do contrato.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	9/48



O obxecto de contrato ao que se refire o presente prego é o sinalado no Cadro Resumo, de acordo coas condicións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas e, no seu caso, nas modificacións que poidan tramitarse.

2.2. División en lotes.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, procederase á división en lotes, ou non, segundo o precisado no Cadro Resumo.

En caso de licitación por lotes, deberá indicarse nas respectivas proposicións o lote ou lotes aos que se presenta. Cada lote pode seguir unha tramitación temporal distinta, en función de eventuais incidencias. Cada lote pode ser obxecto de adxudicación e formalización individual.

2.3. Xustificación da necesidade.

Na documentación preparatoria do presente contrato xustifícase, conforme ao sinalado no artigo 28 da LCSP, os fins institucionais, a natureza e extensión das necesidades administrativas a satisfacer mediante o mesmo e a insuficiencia de medios propios no caso de contrato de servizos, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, así como os factores de todo orde tidos en conta.

2.4. Carácter transversal dos criterios sociais e medioambientais.

De conformidade co establecido no artigo 1.3 e concordantes da LCSP, os criterios sociais e ambientais recóllense no presente prego de maneira transversal, en especial en canto condicións especiais de execución, esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial, cumprimento de convenios e obrigas de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) e normativa social (persoas con discapacidade, como criterio de desempate, igualdade de xénero, non discriminación das persoas).

2.5. Principios.

De conformidade co artigo 1 LCSP, a presente contratación axústase ao disposto nos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria, control do gasto e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos públicos.

TERCEIRA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN


O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

CUARTA.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, PREZO DO CONTRATO

1.1. Orzamento base de licitación.

O orzamento base de licitación (para cada lote, en caso de existir varios lotes), constitúe o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	10/48



contratación e inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poda repercutir no prezo final, incluíndo neste concepto o IVE (artigo 100.1 LCSP), que deberá soportar a Administración contratante. Non obstante, o IVE, como tributo a soportar pola administración, se indicará como partida independente.

O orzamento base de licitación para esta contratación figura no Cadro Resumo, e foi elaborado de conformidade co disposto no artigos 100 e concordantes da LCSP.

Tal e como está determinado no artigo 100 da LCSP, coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado e desglosouse indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos ou, no seu caso, prezos unitarios calculados para a súa determinación, e así se xustifica na documentación preparatoria do contrato.

1.2. Valor estimado.

De acordo co disposto no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo, sen incluír o IVE (incluíndo calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato, así como que o contrato sexa modificado), polo que o valor estimado é o que figura no Cadro Resumo desta licitación.

1.3. Prezo do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 102 da LCSP, o prezo de cada contrato será o que resulte da súa adxudicación e incluírá, como partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), consonte co artigo 100.1 da LCSP. No prezo do contrato entenderanse incluídos todos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigacións contempladas nos pregos, como son os xerais, beneficios, financeiros, seguros, cotizacións, honorarios e salarios do persoal ao seu cargo e calquera outro análogo.

1.4. Revisión de prezos.

O contrato non será obxecto de revisión de prezos, de conformidade co disposto no artigo 103 da LCSP.

QUINTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN. PRÓRROGA

5.1. Duración do contrato.

A duración do contrato é a prevista no cadro resumo. O prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

5.2. Prazo de execución.


O prazo de execución é o descrito no cadro resumo desta contratación.

5.3. Prórroga.

O contrato será susceptible ou non de prórroga segundo o recollido no Cadro Resumo.

A prórroga – en caso de estar prevista - acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	11/48



A prórroga establecida ao abeiro do artigo 29.2 da LCSP deberase aprobar con carácter previo á finalización do contrato polo órgano de contratación e, para a súa aplicación deberá emitirse informe polo Servizo de contratación e fomento, a Secretaría Xeral, así como a Intervención e deberá ponderarse a correcta e satisfactoria execución da prestación, así como a inexistencia de incidencias negativas na execución e/ou a imposición de penalidades.

A prórroga do contrato establecida no apartado 2 do artigo 29 LCSP non será obrigatoria para o contratista nos casos nos que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 LCSP, por demorase a Administración no aboamento do prezo máis de seis meses. Esta prórroga é independente da eventual aplicación do artigo 29.4 da LCSP.

SEXTA.- APTITUDE PARA CONTRATAR

6.1. Poderán formular oferta as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar (artigo 65 LCSP), non estean incursas en prohibicións de contratar ás que se refiren os artigos 71 a 73 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica. De igual modo deberán cumprirse as condicións especiais de compatibilidade sinaladas no artigo 70 da LCSP. Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito da actividade que a teor dos seus estatutos ou regras de actividade lles sexan propias.

A adxudicación de contratos a favor de persoas que carezan da capacidade de obrar, da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional; da habilitación empresarial ou profesional cando sexa esixible; da clasificación, cando esta proceda ou que estean incursas en prohibición de contratar, será nula nos termos do artigo 39.2.a) da LCSP.

6.2. Poden contratar co sector público as **unións de empresas** que se constituíran temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo; sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.


SÉTIMA.- SOLVENCIA

Para celebrar contratos coa Administración os licitadores deberán estar en posesión das condicións mínimas de solvencia que se determinan neste PCAP. De conformidade co establecido no artigo 77 da LCSP non será esixible a clasificación do empresario.

OITAVA.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

O contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, con base na mellor relación calidade prezo, excluindo toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á forma

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	12/48



ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, no cadro resumo deste prego.

NOVENA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

Conforme ao artigo 63 da LCSP e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público, a información relativa toda a información relativa a súa actividade contractual, incluíndo os anuncios relativos ao presente contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria, no seu caso se facilita, a través do Perfil de Contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Nos procedementos suxeitos a regulación harmonizada realizarase a publicación da licitación e da formalización do contrato e demais preceptivas no Diario Oficial da Unión Europea, remitindo os anuncios a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

DÉCIMA.- GARANTÍAS ESIXIDAS

10.1. Garantía provisional. Non se esixe.

10.2. Garantía definitiva. O licitador que presente a oferta máis vantaxosa deberá acreditar, no prazo indicado na cláusula 17ª, a constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE (artigo 107 da LCSP). Este importe vai referido a cada lote de xeito independente, no caso de existiren estes.

Conforme o artigo 107.3 da LCSP, cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

A garantía poderá constituírse, de conformidade co artigo 108 da LCSP, en metálico, mediante aval, en valores de débeda pública, por contrato de seguro de caución, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do RXLC, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería da Administración contratante.


Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixidas ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda no prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, se incumpran as obrigas que impón ao licitador o artigo 150.2 da LCSP, ou non se conte cos requisitos de capacidade e solvencia requiridos para a realización da prestación obxecto do contrato, a Administración acordará a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído), sen prexuízo das consecuencias previstas no artigo 71.2 da LCSP.

10.3. Garantía complementaria. Naqueles casos en que a proposta da mesa de contratación sexa en favor do licitador que a oferta presentada estivese incurso inicialmente en presunción

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	13/48



de anormalidade, requiriráselle de conformidade co artigo 107.2 da LCSP, que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto, neste casos, o importe da garantía o 10% sobre do importe do prezo final do contrato excluído o IVE.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS

A presentación de ofertas no presente procedemento realizarase obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público: (<https://contrataciondelestado.es>). O manual de uso desta ferramenta atópase publicado en dita plataforma. A Plataforma de Contratos do Sector Público custodiará as propostas, cifrará o contido das mesmos e non permitirá acceder aos mesmos ata que non se convoque e realice o acto de apertura, tendo que indicar nese momento o número de membros da mesa de contratación presentes e sendo preciso introducir unha clave privada para descifrar e acceder ao contido do sobres.

Nos casos en que se esixan mostras físicas, presentaranse no Rexistro da Deputación de Lugo (San Marcos s/n CP 27001 Lugo), en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou ben por calquera dos mecanismos previstos na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os licitadores deberán presentar as mostras dentro do prazo indicado no cadro resumo para a presentación de ofertas nun sobre/paquete pechado no anverso do cal deberá figurar a lenda seguinte:


- A expresión: “MOSTRA FÍSICA: ABRIR SO POLA MESA DE CONTRATACIÓN”.
- Identificación do licitador.
- Indicación do procedemento e lote a que se refire.

As comunicacións e intercambios de información neste procedemento de contratación realizaranse preferentemente a través do sistema de comunicacións electrónicas da Plataforma de Contratos do Sector Público. No caso de non resultar posible, faranse a través da sede electrónica da Deputación de Lugo ao correo electrónico facilitado no momento de presentar a súa proposta.

Atendendo ao disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, presúmese, salvo oposición expresa por parte do operador económico, a autorización ao órgano de contratación para que, a través da unidade tramitadora do expediente, efectúe consultas a outros organismos coa finalidade de acreditar a identidade do licitador, de acreditar igualmente o feito de non estar incursonalgunha das causas de prohibición para contratar, ou de obter algunha outra información necesaria para a tramitación do expediente de contratación, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, Rexistros de Licitadores de Galicia e demais listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

En todo caso, as facturas para o pago das prestacións contratadas expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. A formalización do contrato será mediante firma electrónica recoñecida.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	14/48



DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo. Os criterios de adxudicación reflíctense no Cadro Resumo, segundo a súa orde de importancia e ponderación. Igualmente se recollen no Cadro Resumo as fórmulas matemáticas utilizadas para a súa avaliación.

A Mesa de contratación valorará as ofertas dos licitadores nos seus aspectos dependentes dun xuízo de valor (no seu caso) e nos dependentes de fórmulas, obtendo un resultado obxectivo, en forma de puntuación.

CRITERIO DE DESEMPATE.

No caso de que dúas ou máis propostas obtivesen a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación terán preferencia na adxudicación do contrato aquelas empresas que teñan no seu equipo un número de persoas con discapacidade superior ao 2% do seu cadro de persoal, sempre e cando a empresa tivese incluído, a declaración debidamente cumprimentada.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade, nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña de maior porcentaxe de persoas con contrato fixo con discapacidade no seu equipo.

A efectos de comprobar a veracidade da declaración, as empresas que se atopen en situación de empate, deberán achegar a seguinte documentación:

- Documento RNT (relación nominal de traballadores), correspondente a todo o persoal da empresa.

- Relación de traballadores con discapacidade, acompañado dos contratos de traballo dos mesmos e do documento oficial que acredite o grado e vixencia da discapacidade.

No caso de persistir o empate na proposición económica aplicaranse os criterios fixados no artigo 147.2 da LCSP.


DÉCIMO TERCEIRA.- OFERTAS CON VALORES ANORMALMENTE BAIOS OU DESPROPORCIONADOS

13.1. Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao criterio prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	15/48



de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

En caso de licitación con prezos unitarios, con oferta de porcentaxe de baixa, considerarase o importe resultante de aplicar a oferta expresada en porcentaxe ao importe anual do contrato, IVE excluído, axustando o importe a dous decimais.

13.2. Empresas pertencentes a un mesmo grupo.

Cando no procedemento houberen presentado ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, aquela que fora máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

13.3. Xustificación das ofertas anormalmente baixas.


De conformidade co artigo 149.4 da LCSP, cando a Mesa de contratación identifique unha proposición oferta económica que poida ser considerada incursa en presunción de anormalidade, dará audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique, no prazo de CINCO días hábiles, a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

- O aforro que permita o procedemento de fabricación ou os servizos prestados.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos ou prestar os servizos.
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos ou prestar os servizos.
- O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- Ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Os criterios obxectivos a empregar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, serán os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que comprenderá, polo menos, unha explicación detallada e pormenorizada dos mesmos en relación ao servizo que constitúe a prestación obxecto de contratación.
- Medios persoais e materiais de que dispoña a empresa, ademais dos adscritos ao contrato, en relación co volume de prestacións contratadas e cuxa execución resulte coetánea no tempo á prestación reitoria deste contrato

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	16/48



- c) Estrutura organizativa da empresa, sistemas e técnicas de traballo implantados, protocolos operativos que permitan acadar o resultado perseguido (prestacións contractuais dentro do prazo establecido) ao prezo ofertado.
- d) Relación entre a solvencia acreditada da empresa e a oferta presentada.
- e) Entenderase que existen valores anormais ou desproporcionados na oferta, debendo rexeitarse, nos casos en que na valoración da xustificación da baixa se comprobe que o prezo anormalmente baixo ou desproporcionado resulta do incumprimento da lexislación laboral da Unión Europea en materia social, laboral ou medio ambiental, de disposicións do dereito laboral internacional ou do dereito nacional en estas materias, tendo en conta o establecido no artigo 69.3 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello de 26/02/2014, en relación co artigo 18.2 da devandita Directiva.
- f) Ademais, a Mesa pedirá aos licitadores xustificación dos valores precisados nos apartados a-e (ambos inclusive) do artigo 149.4 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumplan as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.


13.4. A clasificación das proposicións dos licitadores realizarase despois de ter decidido se existe algunha oferta que incorra en anormalidade e, en caso de que así sexa, despois de ter excluído tales ofertas. A valoración das proposicións que fora realizada non pode modificarse, alterarse ou repetirse, a pesar de que posteriormente se proceda a excluír a algunha das ofertas dos licitadores por causa da súa cualificación como anormal ou desproporcionada. A clasificación non contemplará as ofertas que foran excluídas por ser anormais ou desproporcionadas. Non é necesario volver a realizar un trámite para a identificación das proposicións que incorran en anormalidade ou desproporción.

DÉCIMO CUARTA.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

14.1. Aspectos xerais.

14.1.1. Os licitadores deberán presentar as súas ofertas dentro do prazo indicado no cadro resumo. As proposicións deberán axustarse ao establecido no presente prego e demais documentación que rexe a licitación. Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado. Cada contratista está limitado a presentar unicamente unha única proposición (en relación co lote ou lotes aos que licite, en caso de existir lotes), e polo tanto, non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas ou empresarios se o fai individualmente, ou ben, figurar en máis dunha unión temporal. A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á non admisión de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe dos outros concorrentes (artigo 139.3 da LCSP).

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	17/48



14.1.2. Toda a documentación das proposicións presentadas deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade coa Disposición adicional primeira da LCSP e cos artigos 13 e 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego, axustándose ao establecido na Ordenanza de uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP N° 212, do 14 de setembro de 2016.

14.1.3. Confidencialidade da información. De conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e indubitada (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permite a súa identificación) a condición de “confidencial” do documento ou información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores. A declaración de confidencialidade non poderá estenderse a todo o contido da oferta nin efectuarse en termos xenéricos, nin referirse á totalidade da documentación presentada polo licitador nin a todo o contido dos informes e documentación que, no seu caso, xere directa ou indirectamente o órgano de contratación no curso do procedemento de licitación. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida e, en ningún caso, a documentos que sexan publicamente accesibles.

14.1.4. A presentación de proposicións supón por parte do empresario a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas. Os licitadores non poderán retirar as súas ofertas durante o prazo de catro meses a contar desde o primeiro acto de apertura do sobre ou arquivo electrónico que conteña unha parte das proposicións, de conformidade co previsto no artigo 158 da LCSP. O prazo indicado anteriormente ampliarase en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o apartado 4 do artigo 149 da LCSP para os supostos de identificación de ofertas incursas en presunción de anormalidade. De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.


14.2. Definición dos sobres da licitación e documentación a incorporar en cada sobre.

14.2.1. Sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos (artigo 140 da LCSP).

De conformidade co previsto no apartado 1 do artigo 140 da LCSP, incluírase neste sobre unha declaración responsable formulario de documento único de contratación DEUC, aprobado a través do Regulamento (UE) n° 2016/7, do 5 de xaneiro, que deberá estar asinada e coa correspondente identificación: <https://visor.registrodelicitadores.gob.es/esp-web/filter?lang=es>.

Conterá obrigatoriamente unha declaración responsable que se axustará ao ANEXO I deste PCAP.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	18/48



Cando dúas ou máis empresas concorran agrupadas nunha unión temporal, incluírase neste sobre, por cada empresa participante, unha declaración responsable que se axustará ao ANEXO I (de presentación obrigatoria) ou ben ao formulario de documento único de contratación DEUC (de presentación optativa). Adicionalmente, e conforme ao establecido no artigo 69 da LCSP, presentárase tamén dentro do sobre un compromiso - documento privado - no que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas.

A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo contratista poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución contractual, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, antes da adxudicación do contrato e durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao contratista ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

14.2.2. Sobre relativo a criterios avaliábles mediante xuízo de valor (oferta técnica).

Conterá, en caso de que se prevean ditos criterios, a oferta técnica ou relativa aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, segundo o recollido no cadro resumo.

Non poderá incluírse neste sobre información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.

14.2.3. Sobre relativo a criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas.

Presentárase conforme ao modelo Anexo do presente prego. Inclúe modelo de declaración responsable sobre incorporación o cadro de persoal da empresa traballadores con discapacidade, a efectos de desempate.


DÉCIMO QUINTA.- MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación. A composición da Mesa de contratación está no Cadro resumo deste PCAP.

DÉCIMO SEXTA.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DE OFERTAS

En cumprimento do previsto no artigo 157.3 da LCSP, a apertura das proposicións presentadas polos licitadores por parte da Mesa de Contratación, efectuarase no prazo máximo de vinte días contado desde a data de finalización do prazo para presentar as

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	19/48



mesmas.

16.1. Apertura e cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos.

A estes efectos, previamente á apertura das ofertas, o Servizo de Contratación e Fomento, de acordo co establecido na Plataforma de Contratación do Sector Público, procederá á apertura e análise da documentación administrativa (agás nos procedementos que conteña a oferta) e informará á Mesa de Contratación co obxecto de que esta cualifique dita documentación, adopte o acordo de admisión ou inadmisión dos licitadores e resolva, no seu caso, as incidencias que se produzan. Ditas actuacións produciranse dentro da garantía de inalterabilidade das proposicións que asegura a Plataforma de Contratos do Sector Público, e a Mesa de Contratación conservará tódalas súas facultades realizándose dita apertura ós únicos efectos de traballo preparatorio da sesión.

No suposto de que se observaran defectos materiais na documentación presentada, darase conta á Mesa de Contratación dos erros detectados, concedendo, sempre que os referidos erros sexan cualificados como emendables, un prazo de tres días hábiles de conformidade co artigo 141 da LCSP e o artigo 81 do RXLC, para que o licitador sanee o error apreciado, extremo que deberá ser notificado pola Secretaria da Mesa ou o Presidente.

No caso de que non houbese que subsanar a documentación integrante do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, a Mesa procederá, nese mesmo acto (sempre e cando se tivese sinalado na Plataforma de Contratación do Sector Público), á apertura do sobre que contén os criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor, en caso de que existan ou noutro caso, o sobre que contén os criterios avaliábeis mediante fórmulas. No caso de que se tivera que subsanar a documentación integrante do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, publicarase na Plataforma de Contratos do Sector Público, a data de apertura do sobre seguinte.

16.2. Apertura e valoración do sobre que contén os criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor, en caso de que existan.


En cumprimento do previsto no artigo 146.2 LCSP, a avaliación dos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor deberá efectuarse con carácter previo á daqueloutros cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas. A citada avaliación previa farase pública no acto no que se proceda á apertura do sobre que contén os criterios avaliábeis mediante fórmulas.

Para a valoración da proposta técnica, no caso de exista, a Mesa de Contratación estará asistida polos empregados públicos que a tales efectos propoña e designe o órgano de contratación en atención aos seus coñecementos e experiencia en contratación pública e materias relacionadas co obxecto do contrato.

Nas súas funcións de asistencia á Mesa de Contratación, corresponderalle aos mencionados empregados públicos:

- Estudar pormenorizadamente as propostas técnicas presentadas polos licitadores e, tras verificar o cumprimento dos requisitos mínimos establecidos no prego de

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	20/48



- prescricións técnicas, examinar a súa calidade, valor técnico e demais aspectos e elementos cualitativos descritos no Cadro Resumo deste prego.
- Elaborar un informe detallado sobre as súas actuacións, que se incorporará á acta da Mesa que corresponda.

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico, acordará motivadamente o que proceda, incluída a eventual exclusión do procedemento de todos aqueles licitadores cuxa proposta non acredite o cumprimento do prego de prescricións técnicas, nas determinacións mínimas.

16.3. Apertura e valoración da documentación do sobre que contén criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas.

Emitidos, de ser o caso, cantos informes foran solicitados pola Mesa de contratación, de conformidade co artigo 157 da LCSP, no lugar, data e hora sinalados na Plataforma de Contratos do Sector Público, celebrárase o acto público no que, de conformidade co establecido no artigo 146 LCSP, a Mesa de Contratación reunírase de novo para informar aos licitadores sobre a puntuación previa dos criterios de adxudicación avaliados mediante ruído de valor (en caso de que os houbera). Este informe farase público na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Acto seguido, a Mesa procederá á apertura do sobre de criterios avaliados mediante fórmulas e á lectura das propostas dos licitadores para, finalmente, proceder ao seu estudo atendendo ao establecido neste PCAP.

De conformidade co artigo 22 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, no mesmo día do acto anterior, ou ben nun acto posterior, a Mesa xuntárase co obxecto de realizar a valoración total das distintas proposicións, nos termos previstos nos artigos 146 e concordantes da LCSP e segundo os criterios indicados neste prego, propondo clasificalas en orde decrecente de valoración aos efectos de que o órgano de contratación proceda segundo o establecido nos artigos 150 e 151 da LCSP, emitíndose, seguidamente, a acta correspondente que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.


Ó abeiro do artigo 157.4 non se requirirá a celebración das mesas en acto público cando a tramitación do expediente e a celebración das mesas se produza por medios electrónicos. De celebrarse as mesas de xeito integramente electrónico e non presencial darase conta do resultado da apertura á maior brevidade posible. Non obstante, os licitadores poderán solicitar ser invitados á sesión telemática e estar presentes durante a apertura.

Aplicarase o previsto neste prego para a determinación das ofertas con valores anormalmente baixos ou desproporcionados.

O órgano de contratación, á vista da proposta da Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente ás proposicións presentadas e non excluídas.

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación, ou na súa falta, o órgano de contratación, tivese indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	21/48



Competencia, trasladarao con carácter previo á adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, a efectos de que a través dun procedemento sumarísimo pronúnciese sobre aqueles. A remisión dos devanditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión a realiza a mesa de contratación dará conta diso ao órgano de contratación.

DÉCIMO SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A MELLOR OFERTA

17.1. Documentación requirida. De conformidade co artigo 150.2 da LCSP, requirirase ao contratista que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación (en caso de que non conste a expresa oposición do licitador, enténdese que autoriza a esta administración para a obtención dos documentos, polo mero feito de remitir a súa proposición):

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLC):

a) Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.


- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil ("Caxetín" do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.

d) En caso de concorrer en unión temporal de empresas, cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores. En caso de terse constituído como tal, poderá aportar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. En caso de non aportala neste momento, deberá facelo con anterioridade a sinatura do contrato.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	22/48



e) Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga. Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

2. Obrigas tributarias e da Seguridade Social (artigo 13 e seguintes do RXLC).

-Alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades sometidas a este imposto, en relación coas actividades que se veñan realizando á data de presentación das proposicións que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen. A alta poderá ser acreditada mediante o último recibo ou coa xustificación de alta. A presentación de un dos extremos bastará para acreditar o cumprimento do requisito. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento.

- Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

- Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.


- Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do RXLC, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable. As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do RXLC e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

3. Garantía definitiva.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	23/48



Resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adjudicación (excluído o IVE), ou garantía complementaria, no seu caso, constituída de conformidade co disposto neste PCAP. A garantía constituirase polo importe recollido no cadro resumo e na forma recollida na cláusula décima deste prego (no caso de que o contrato se divida en lotes, a empresa deberá constituír unha garantía independente para cada lote do que sexa requirida).

4. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica.

Acreditarase conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, cos importes mínimos recollidos no cadro resumo:

4.1. Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. (VER IMPORTE CONCRETO NO CADRO RESUMO). A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato.

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables. De xeito análogo, nos contratos de duración inferior a un ano, tomarase en consideración o importe total do contrato, sen considerar impostos, modificacións ou prórrogas.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.


4.2. Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	24/48



Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios a que se refire o artigo 89.1.h) da LCSP cando se trate dun contrato de subministración e 90.4 cando se trate dun contrato de servizosou doutro tipo de contrato (que non se califique como obras).

4.3.- Concreción das condicións de solvencia conforme ó artigo 76 da LCSP: adscripción de medios persoais e materiais á execución do contrato, no caso de que sexan esixibles. En virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os licitadores ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, deben comprometerse a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais indicados no PPT, coa condición de mínimos.

4.4.- Unións Temporais de Empresas: De conformidade co artigo 24.1 do RXLC, cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade e solvencia, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

4.5.- Integración da solvencia con medios externos: Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar a contratación prevista neste PCAP, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar. A tales efectos deberá presentar declaración responsable da entidade ou entidades coas que pretenda acreditar a referida solvencia. Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

4.6.- Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo.


4.7.- Clasificación. Non será esixible a clasificación do empresario. De conformidade co establecido no artigo 77.1.b) LCSP, para os contratos de servizos, o empresario poderá acreditar indistintamente a súa solvencia mediante a clasificación para o que aportará certificado expedido pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado. Precísase no cadro resumo clasificación substitutiva da solvencia económico-financeira e técnica, en termos de grupos, subgrupos e categorías de clasificación vixentes.

17.2. As empresas inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, segundo se recolle no artigo 337 da LCSP, quedan eximidas da presentación da documentación que conste nestes, salvo dos datos que non figuren no Rexistro correspondente.

O licitador non terá a obriga de acreditar extremos que consten en rexistros públicos. Así mesmo tampouco terán a obriga de acreditar extremos ou presentar documentos que se deduzan da documentación presentada ou de datos obrantes nos ditos rexistros.

17.3. Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	25/48



entenderase que retirou a súa oferta e a administración contratante esixiralle, de conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP, ao licitador proposto como adxudicatario, o tres por cento do presuposto base de licitación en concepto de penalidade, que se fará efectivo, en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se tivese constituído, sen prexuízo do establecido no artigo 71.2.a) da LCSP sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Neste suposto a Administración poderá recadar a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP ao contratista seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas (de ser o caso). Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do contratista proposto fronte á Administración (artigo 157.6 da LCSP), polo que de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o contratista retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao contratista seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 150.2 da LCSP).

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato e durante toda a vixencia do contrato.

DÉCIMO OITAVA.- ADXUDICACIÓN


18.1. Resolución de adxudicación do contrato.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior (150.3 LCSP) e no prazo máximo de catro meses desde a data de apertura das proposicións (158 LCSP). Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 149.4 da LCSP e a cláusula 13 deste prego. De non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito a retirar a súa proposta e, de ser o caso, á devolución ou cancelación das garantías prestadas. Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de catro meses desde a apertura das mesmas, de conformidade co establecido no artigo 158.2 da LCSP.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego (artigo 150.3 da LCSP). Non obstante, a Administración, poderá decidir non adxudicar ou celebrar o contrato ou ben a desistencia do procedemento de adxudicación polas causas, cos requisitos e consecuencias establecidas no artigo 152 da LCSP.

Para o caso de que no procedemento se verifique a situación referida no artigo 168 a) 1º, e por tanto quedara o procedemento deserto porque non se tivera presentado ningunha oferta; ningunha oferta adecuada; ningunha solicitude de participación; ou ningunha solicitude de participación adecuada, a Xunta de Goberno poderá ditar acto administrativo para apertura dun procedemento negociado sen publicidade, sempre e cando non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais do contrato nin o orzamento base de licitación, conservando toda a documentación, informes e pregos da presente licitación, que serán aplicables en todo o que non se opoña ás normas que regulan o procedemento negociado sen publicidade.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	26/48



O documento de invitación que se remita aos licitadores conterá as indicacións e prazos para remisión das ofertas por medios exclusivamente electrónicos e o/s criterio/s de puntuación e negociación, que serán exclusivamente automáticos ou dependentes de fórmulas matemáticas.

Cando, en aplicación da presente se siga o procedemento negociado sen publicidade, non se constituirá mesa de contratación realizándose tódolos trámites no Servizo de Contratación e Fomento, con observancia da distribución competencial prevista na normativa e no Regulamento Orgánico Provincial.

18.2. Notificación e publicidade da adxudicación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase na Plataforma de Contratos do Sector Público. A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP. A resolución e notificación da adxudicación deberá axustarse, en todo caso, ao previsto no artigo 151 da LCSP.

DÉCIMO NOVENA.- FORMALIZACIÓN

19.1. Formalización.

A persoa titular do órgano de contratación formalizará o contrato co licitador que resulte adxudicatario. Dita formalización realizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.


A formalización do contrato será mediante firma electrónica recoñecida, validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación e que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade co disposto na Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza e demais disposicións de contratación pública electrónica en prol do cumprimento do principio de transparencia na contratación e de eficacia e eficiencia da actuación administrativa. De acordo co anterior, a sinatura do respectivo contrato poderase facer a través de medios electrónicos, a través da plataforma de sinatura da Deputación de Lugo, poñendo a disposición do adxudicatario o contrato en dita plataforma para a súa revisión e firma: <http://etramite.deputacionlugo.org/pfirma-lugo>. A formalización será obxecto da publicación prevista na cláusula 9 deste PCAP.

19.2. Perfección do contrato.

O contrato perfecciónase coa súa formalización, de acordo co artigo 36 da LCSP, e en ningún caso poderá iniciarse a súa execución sen a súa previa formalización.

19.3. Consecuencias da non formalización.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	27/48



Cando non se formalice o contrato no prazo sinalado por causas imputables ao adxudicatario, a administración contratante, de conformidade co previsto no artigo 153.4 da LCSP, esixiralle a este, o tres por cento do presuposto base de licitación en concepto de penalidade, que se fará efectivo, en primeiro lugar contra a garantía definitiva, si se tivese constituído, sen prexuízo do establecido no artigo 71.2.b) da LCSP. Neste caso o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

19.4. Documentos contractuais.

Forma parte integrante do documento en que se formalice o contrato, este Prego cos seus anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e anexos aprobados polo órgano de contratación. Entenderase igualmente que forman parte do contrato, as condicións e compromisos relativos á súa execución asumidos polo adxudicatario na súa proposición e que se tivesen en conta para a adxudicación do mesmo.


VIXÉSIMA.- RESPONSABLE DO CONTRATO

A Deputación de Lugo designa, de conformidade co artigo 62 da LCSP, unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea a ela, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación así coma:

- a) Promover e convocar as reunións que resulten necesarias ao obxecto de solucionar calquera incidente na execución do obxecto do contrato nos termos que mellor conveña aos intereses públicos e resolver as dúbidas que xurdan durante a fase de execución.
- b) Propoñer ao órgano de contratación a resolución das incidencias xurdidas na execución do contrato, seguindo o procedemento establecido no artigo 97 do RXLC.
- c) Propoñer a imposición de penalidades.
- d) Propoñer a prórroga do contrato ou a ampliación do prazo de execución.
- e) Propoñer o exercicio das prerrogativas contidas no artigo 190 e seguintes da LCSP.
- f) Establecer as directrices oportunas en cada caso, podendo requirir ao adxudicatario, en calquera momento, a información que precise acerca do estado de execución do obxecto do contrato, das obrigas do adxudicatario e do cumprimento dos prazos e actuacións.
- g) Asistir aos actos de recepción e subscribir a/s acta/s de recepción (ou documento que acredite a conformidade ou desconformidade no cumprimento) e de ser o caso dar ou non a conformidade ás facturas presentadas.
- h) Dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoña unha modificación do obxecto do contrato nin se opoña ás disposicións en vigor ou ás derivadas dos pregos e demais documentos contractuais.
- i) Supervisar e informar, no caso de que sexa necesario, sobre o cumprimento das obrigas recollidas na cláusula 22 do PCAP.

En caso de desconformidade ou discrepancia cos resultados das comprobacións efectuadas, o empresario poderá presentar as que estime pertinentes en forma de peritaxe, ditames ou análises emitidas por centros ou organismos oficiais, que servirán, como elementos de xuízo para a resolución finalizadora que ditará o órgano de contratación.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	28/48



Con carácter xeral, salvo o establecido para casos específicos na lexislación contractual, cantas incidencias xurdan entre a Deputación Provincial de Lugo e o contratista na execución do contrato por diferenzas de interpretación do convido ou por necesidade de modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións estipuladas polo artigo 97 do RXLC.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

A partir do día seguinte á sinatura da acta de inicio ou data que figure na propia acta de inicio, ou no seu defecto a partir da sinatura do contrato administrativo, comezará a computarse o prazo de duración do contrato. No caso de existir lotes, poderán iniciarse as prestacións en cada lote, con independencia do outro.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego, no de prescricións técnicas e nas melloras ofertadas, a satisfacción da Administración (artigo 210 da LCSP).

En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do contrato, ou no prazo que se determine no Cadro Resumo. Á Intervención da Deputación de Lugo seralle comunicado, cando sexa preceptivo, a data e lugar do acto, para a súa eventual asistencia no exercicio das súas funcións de comprobación da inversión.

Para dar debido cumprimento ao previsto no punto 3 da Disposición Adicional 3ª da LCSP, o responsable do contrato deberá comunicar á Intervención Xeral da Deputación de Lugo, a data na que se procederá o acto de recepción ou conformidade coa subministración realizada, aos efectos de exercitar á función de fiscalización material das inversións que esixe o artigo 214.2.d) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O órgano interventor poderá estar asistido na recepción ou conformidade por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do responsable do contrato. Se a subministración non está en condicións de ser recibida, deberá facerse acta que conteña este extremo, dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que emende os defectos observados, de conformidade co pactado, sen prexuízo das consecuencias que disto se puidesen derivar.


No caso de que o contratista realizase defectuosamente as prestacións obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que non supere o 10 por 100 do orzamento do contrato, consonte ao previsto no artigo 192 da LCSP, dentro dos termos previstos no presente prego.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS. SISTEMA DE PENALIDADES

22.1. Obrigas xerais.

Serán obrigas xerais do contratista as establecidas neste prego e no prego de prescricións técnicas non teñan cualificación específica, en concreto as seguintes:

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	29/48



- Cumprir a normativa laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encuentre vixente durante a execución do contrato.
- Impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Deputación de Lugo allea a estas relacións laborais. En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral ou funcionarial entre o persoal que aporte ou utilice o contratista. Por conseguinte, en ningún caso, poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal, en relación coa Administración contratante. En ningún caso se producirá consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade provincial.
- Manter e mellorar os valores medio ambientais que poden verse afectados pola execución do contrato, fomento do uso das enerxías renovables e a promoción do reciclado de produtos, como pode ser aforro enerxético no uso dos medios electrónicos adscritos ao contrato e sostibilidade.
- Adoptar as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo, de conformidade co que prevé a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes, como pode ser a promoción da igualdade de xénero do persoal adscrito ao servizo
- Someterse en todo momento ás instrucións, directrices e observacións que lle formule o funcionario provincial responsable na materia.


22.2. Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- **O rigoroso cumprimento das condicións ofertadas, particularmente aquelas que fosen determinantes para a adxudicación por ser criterio da mesma.**
- **A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato.** A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada primeiro requirimento do órgano de contratación e cantas veces considere oportuno este, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin deberá aportar a documentación que determine o corpo do requirimento. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento.

Durante os períodos de execución do contrato a empresa contratista non poderá minorar unilateralmente as condicións de traballo que lle correspondan aos traballadores adscritos a execución, por lei e por convenio colectivo sectorial de aplicación, incluídas as mellores condicións resultantes da adxudicación, de ser o caso.

En caso de contratos de servizos con persoal a subrogar: A empresa adxudicataria terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	30/48



cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto neste apartado corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.


- Sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

Confidencialidade da información. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato ou que, pola súa natureza, deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, contados dende a terminación do contrato. O adxudicatario queda obrigado a gardar sigilo respecto a os datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo. A adxudicataria obrígase ao cumprimento da lexislación nos termos previstos polo Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos. Debe cumprir igualmente coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A adxudicataria queda obrigada, con respecto aos datos persoais dos que teña coñecemento como consecuencia da execución do contrato, a:

- Facer uso exclusivo dos datos para a finalidade contratada e non aplicarlos ou utilizarlos con finalidade distinta á do obxecto do presente contrato.
- Non facilitar datos persoais ás subcontratistas que presten servizos desta contratación, no caso de habelas, nin sequera para a súa conservación.
- Non copiar, manipular, gardar ou utilizar os datos aos que acceda, nin sequera de forma parcial, sen o consentimento expreso da Deputación Provincial de Lugo.
- De ser o caso, trasladar ao Delegado de Protección de Datos (DPD) da Deputación de Lugo, as solicitudes de exercicios de dereitos en relación coa protección de datos de carácter persoal.
- Adoptar as medidas de índole técnica e organizativas previstas polo Esquema Nacional de Seguridade para a categoría MEDIA, necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.
- De ser o caso, notificar ao DPD da Deputación de Lugo a existencia dunha brecha de seguridade, se a houbera, no prazo máximo de 24 horas desde que se teña coñecemento da mesma, a fin de que o DPD poda notificala a Axencia Española de Protección de Datos no prazo legal de 72 horas.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	31/48



- Cumprir as medidas de seguridade recollidas especificamente no Contrato do Encargado do Tratamento de Datos Persoais que se subscribirá, de ser preciso, xunto coa formalización do presente contrato de servizos.
 - Unha vez concluídos os traballos ou servizos para os que foi contratada, a empresa adxudicataria devolverá todos os ficheiros orixinais que teña no seu poder e devolverá ou destruírá, en presenza de representantes da Deputación Provincial de Lugo, e a opción desta, todas as copias totais ou parciais que tivese que realizar, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento derivado do traballo para o que foi contratado.
- O incumprimento das obrigas recollidas nesta cláusula por parte do contratista non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

As condicións especiais de execución enunciadas e cualificadas como obrigas contractuais esenciais, resultan igualmente aplicables aos subcontratistas. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2 constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.

Ao incumprimento das restantes obrigas contractuais aplicarase o sistema de penalidades previsto no apartado 22.4, compatible coa penalización xeral, prevista na cláusula 21 do PCAP.

22.3. Condición especial de execución: comprobación de pagos a subcontratistas ou subministradores (artigo 217 da LCSP).


O contratista ten a obriga de remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

De conformidade co establecido no artigo 217.3 da LCSP, o incumprimento desta obriga, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar cada unha delas o 5% do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total delas o 50% dese prezo (IVE excluído).

En caso de que o prezo se determine mediante prezos unitarios, o importe da penalidade calcularase tomando como base económica de referencia o teito ou límite máximo de gasto fixado como orzamento base de licitación no Cadro Resumo (IVE excluído), aplicando analoxicamente o previsto no artigo 107.3 LCSP. A resistencia ou reiteración no incumprimento xustificará a gradación na porcentaxe máxima ou próxima á máxima da penalidade a impoñer, aplicando o principio de proporcionalidade.

Estas penalizacións son preferentes ás fixadas na cláusula seguinte, estableceranse por acordo do órgano de contratación, a proposta da persoa responsable do contrato, previa audiencia do contratista por un prazo de dez días naturais e faranse efectivas mediante dedución das contías que en concepto de pago parcial ou total se deban aboar ao contratista; cando non caiba esta dedución dos mencionados pagos pendentes o importe das penalidades executarase sobre a

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	32/48



garantía constituída, que deberá ser reaxustada no importe correspondente nos termos do artigo 109.2 da LCSP.

22.4. Sistema de penalidades e procedemento a aplicar.

Clasificación.

Os posibles incumprimentos ou faltas que poden dar orixe a unha penalización clasifícanse en moi graves, graves e leves, describíndose a continuación:

Faltas moi graves:

- Incumprimento das obrigas laborais, sociais ou fiscais relativas ao persoal adscrito ao servizo contratado, sen que unha vez detectada e notificada polo contratante se procedera con carácter inmediato á súa regularización, nos casos en que non motive ou sexa causa de resolución contractual.
- Falsidade ou negativa na subministración de datos técnicos, económicos ou xurídicos, así como relacionados coa cadea de mando da empresa adxudicataria, solicitados polo contratante no exercicio das súas facultades de control e inspección e en poñer obstáculos a este, por calquera causa.
- Incumprimento das ordes dadas pola persoa responsable do contrato ou a dirección facultativa para a execución dos traballos, conforme ao PPT, en máis de dúas ocasións.
- Incumprimento das obrigas legais, así como as fixadas neste prego de condicións en máis de dúas ocasións, sempre que non merezan outra cualificación superior.
- Incumprimento da normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

Faltas graves:

- Falta de cobertura dos servizos/subministracións descritos no prego de prescricións técnicas e conforme as obrigas contractuais asumidas pola empresa adxudicataria, ou o incumprimento dos prazos.
- Incumprimento das ordes dadas polo responsable do contrato para a execución dos traballos conforme ao expresado no prego de prescricións técnicas, ata en dúas ocasións.
- Incumprimento das obrigas legais, así como as fixadas neste prego de condicións en máis de unha ocasión.
- Calquera outro incumprimento dos pregos de prescricións técnicas que non teña penalización específica.


Faltas leves:

- Calquera outra que poida afectar á execución do contrato e non se comunicase previamente.
- Aqueles incumprimentos contractuais non tipificados como graves o moi graves.

Cuantificación económica.

As contías de aplicación a cada unha das faltas leves, graves e moi graves definidas anteriormente, serán as seguintes:

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	33/48



Faltas leves: O primeiro incumprimento será sancionado con carta de apercibimento. Os sucesivos cunha sanción do 1% do importe de adxudicación, IVE excluído, por cada incumprimento producido e detectado.

Faltas graves: Unha sanción económica do 3% do importe de adxudicación, IVE excluído, por cada incumprimento producido e detectado.

Faltas moi graves: O contratante poderá optar por unha sanción económica do 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, ou optar pola resolución do contrato con perda da fianza definitiva, sen prexuízo da reclamación por danos e prexuízos na contía que aquela non cubra o seu importe.

Penalidades por demora (artigo 193 LCSP).

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo, ou acordar a continuidade da súa execución, con imposición de novas penalidades. Neste suposto o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesario para a terminación do contrato.

A Administración terá as mesmas facultades respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

Tramitación do procedemento contraditorio para a imposición.


As penalizacións que se impoñan en caso de incumprimento polo adxudicatario de calquera das obrigas que lle incumben conforme ao correspondente contrato, rexeranse polo seguinte procedemento:

O contratante comunicará por escrito ao adxudicatario a proposta de penalización coa enumeración dos feitos que o motiven. O contratista no prazo de cinco días hábiles dende o recibo do anterior, formulará as alegacións que considere oportunas. O contratante unha vez finalizado o prazo anterior, impoñerá, de proceder a penalización proposta, fixando o seu importe e modo de cobro.

As penalizacións impostas conforme ao procedemento anterior, serán descontadas mediante nota de cargo emitida polo contratante de calquera dos pagos pendente de aboamento ou, no seu caso, sobre a garantía que debera ser obxecto de reaxuste consonte ao previsto no artigo 109 da LCSP. No suposto de que os importes pendentes de aboamento non alcanzasen para cubrir as penalidades, esixirase ao contratista a correspondente indemnización de danos e perdas "ex art. 194 da LCSP".

A aplicación destas penalidades debe ponderarse conforme ao principio de proporcionalidade, atendendo a intencionalidade, predisposición a corrixir as incorreccións cometidas, os danos causados e a súa emenda, a resistencia e reiteración.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	34/48



Os importes das penalidades deberán respectar, en todo caso, os límites cuantitativos precisados no art. 192.1 da LCSP.

22.5. Gastos e impostos.

Son de conta do adxudicatario:

- a) Os gastos de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.
- b) O pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración.
- c) Calquera gasto a que houbese lugar para a correcta execución do contrato.
- d) Toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial, debendo indemnizar á Administración dos danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados dos que eventualmente puidesen dirixirse contra a mesma.
- e) A indemnización dos danos que podan causarse á Administración contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a correcta execución do contrato, salvo se eses prexuízos estivesen causados por unha orde directa e inmediata de dita Administración (artigo 196 da LCSP).

VIXÉSIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO

23.1. O pagamento do prezo do contrato realizarase conforme ao recollido no Cadro Resumo. A factura expedirase de acordo coa normativa vixente, e procederá o seu abono logo da conformidade ou informe favorable do responsable do contrato.


23.2. Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1619/2012, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, as Agrupacións de Interese Económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as Agrupacións de Interese Económico Europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria. As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

Na Base 10ª ap.a) do BEO menciónase o seguinte:

"(...)A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 6º do Real Decreto 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación."

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Deputación, e a información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <https://face.gob.es>.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	35/48



De acordo co artigo 4 “Uso da factura electrónica no sector público” da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas de ata 5.000 euros. (Bases de Execución do Orzamento xeral vixente da Deputación Provincial de Lugo, Título III, Capítulo primeiro, Base 10ª: Recoñecemento e Liquidación de obrigas, ap.c)Facturación electrónica).

Tendo en conta o anterior, nos supostos nos que o contratista non estea obrigado a presentar a factura electrónica e a presente en formato papel terá a obriga de presentar a factura expedida á Deputación Provincial de Lugo polos servizos prestados ou produtos entregados, ante o rexistro xeral, a efectos da súa remisión ao Servizo de Contabilidade e Contas, rexistro de facturas, debendo constar na factura como órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública e contratación o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, e como destinatario o responsable do contrato.

23.3. A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos no artigo 198 da LCSP .

23.4. O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se cumpran as normas e trámites da base 10.b de execución do orzamento da Deputación provincial de Lugo:
<http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/es/web/guest/presupuestos>.

VIXÉSIMO CUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO


24.1. Modificación prevista no PCAP(artigo 204 LCSP). Ver o cadro resumo.

En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

- Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.
- Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.
- Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.
- A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.
- Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	36/48



24.2. Modificación non prevista no PCAP (artigo 205 LCSP).Ademais do previsto na cláusula anterior, o contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas nos supostos previstos no artigo 205 da LCSP. Para levar a cabo estas modificacións contractuais aplicarase o procedemento establecido nos artigos 203 e 206 da LCSP.

VIXÉSIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 209 do LCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 213 da LCSP. Igualmente serán causas de resolución do contrato as establecidas como condicións esenciais. A resolución do contrato acordarase polo contratante de oficio ou a instancia do contratista, se é o caso. Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, incautarase a garantía e deberá, ademais, indemnizar o contratante os danos e prexuízos ocasionados no que exceda do importe da garantía incautada.

VIXÉSIMO SEXTA.- RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO.

O réxime de invalidez do contrato será o recollido nos artigo 38 ao 43 da LCSP.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel (artigo 208 do LCSP).Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no artigo 208 da LCSP.


VIXÉSIMO OITAVA.- PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Atendendo ao disposto no artigo 210.3 da LCSP, establécese un prazo de garantía previsto no cadro resumo, que contará dende o informe de adecuado desenvolvemento das prestacións ou acta á que se refire o artigo 210 da LCSP, que se debe estender dentro do prazo dun mes a contar dende a finalización do contrato. Aos efectos da devolución da garantía resultará de aplicación o disposto no artigo 216.4 e 217.3 da LCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela, previa solicitude por parte do contratista (solicitude que se presentará na sede electrónica da Deputación provincial de Lugo) coa incorporación de informe do responsable do contrato, sobre o axeitado cumprimento das prestacións contratadas.

Estarase ao disposto nos artigos 305 (subministracións) e 311 (servizos) para o caso de que se acredite a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos ou nos traballos efectuados:

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	37/48



1.- A Administración terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos bens que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente, ou a subsanación dos traballos efectuados.

2.- Durante este prazo de garantía terá dereito o contratista a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens fornecidos ou as observacións que se formulen sobre o cumprimento da prestación realizada.

3.- Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido ou os traballos non se adecúan a prestación contratada, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens ou a prestación, deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

4.- Terminado o prazo de garantía sen que a Administración tivese formalizado algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados 1 e 3 deste artigo, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens fornecidos ou da prestación realizada.

De conformidade co artigo 111.5 da LCSP, transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato e vencido o prazo de garantía sen que a recepción formal (ou documento de conformidade) tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación da garantía, unha vez depuradas as responsabilidades ás que se refire o artigo 110 da LCSP.

VIXÉSIMO NOVENA.- PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS

No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que as mesmas non fosen determinantes para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato. Se tales melloras non estiveran cumpridas expirado o prazo do contrato, o órgano de contratación, a instancia do responsable do contrato, poderá esixir a realización das mesmas nos mesmos termos e prazos fixados para o contrato.

TRIXÉSIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN


30.1. Cesión.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	38/48



será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal. Non obstante o anterior, o acreedor pignoraticio ou o acreedor hipotecario poderán solicitar a cesión naqueles supostos en que nos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos os pregos prevexan, mediante cláusulas claras e inequívocas, a posibilidade de subrogación dun terceiro en todos os dereitos e obrigacións do concesionario en caso de concorrencia dalgún indicio claro e predeterminado da inviabilidade, presente ou futura, da concesión, coa finalidade de evitar a súa resolución anticipada.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte exigible en función da fase de execución do contrato, que debe estar debidamente clasificado, se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.

d) Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública. Sen prexuízo do establecido na letra b), non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

30.2. Subcontratación.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, de conformidade co artigo 215 da LCSP. En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, a mais tardar, cando inicie a execución deste, ó órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contrato e representante legal do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 da LCSP.


O contratista principal deberá notificar por escrito ó órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

No caso de que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a aptitude do mesmo. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato si esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medias urxentes e así se xustifica suficientemente.

TRIXÉSIMO PRIMEIRA.- CONTESTACIÓN DE DÚBIDAS

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	39/48



As consultas dos interesados sobre o prego de cláusulas administrativas ou prescricións técnicas, deberán realizarse mediante escrito que deberá ser remitido a través Plataforma de Contratos do Sector Público. Serán resoltas, no caso en que se estime procedente, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Habilítase ao servizo de contratación e fomento para xestionar tales tramitacións. Só se resolverán as dúbidas plantexadas no prazo que se indica no Cadro Resumo, data límite para presentar consultas, coa finalidade de garantir os prazos de resposta previstos no artigo 138 da LCSP.

O PCAP asinado correspóndese co último documento de PCAP informado xuridicamente.

Lugo, a data de sinatura dixital.


SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO.

A Xefa da Sección I de Contratación Xeral, Margarita Tarrío Álvarez.

A Xefa do Servizo: Sonia Méndez García

O contratista asinará documento electrónico no momento da formalización someténdose á oferta e aos pregos.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	40/48



ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS (OBRIGATORIO)

D/D^a _____ DNI _____
 En nome propio
 En representación de _____ CIF _____

cos seguintes datos:

Teléfono _____
 Rúa/Praza _____ Nº _____
 Poboación _____ CP _____

Débense cumprimentar todas as declaracións contidas, sen alterar o modelo.

Toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato denominado....., e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que o operador económico (marcar con X, non marcar equivale a NON):
 Ten a categoría de microempresa, pequena e mediana empresa (PEME).
 NON ten a categoría de microempresa, pequena e mediana empresa (PEME).
- Que o operador económico está validamente constituído e conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación, así como que o asinante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e tamén da propia sociedade e o poder, no seu caso, está vixente.
- Que o operador económico non está incurso, por si mesmo, nin os administradores da persoa xurídica, en prohibición de contratar, de conformidade co establecido no artigo 71 da LCSP, por si mesmos nin por continuación ou derivación.
- Que o operador económico cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, incluídas as condicións de capacidade e solvencia, e conta coas habilitacións e autorizacións necesarias para a execución do contrato esixidas no PCAP.
- Que se compromete a adscribir á execución do contrato os medios mínimos, persoais e materiais, descritos no expediente.
- Que o operador económico está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores _____ co número ____ e que as condicións e circunstancias declaradas no momento da inscrición, e que serviron de base para a mesma, non experimentaron variación algunha. (COMPLETAR NO CASO QUE ESTE INSCRITA).
- Que o operador económico áchase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias co Estado e coa Seguridade Social impostas polas disposicións legais vixentes.
- Que o operador económico non ten pendente de pago, ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.


San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	41/48



9. Que o operador económico cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social e que na oferta presentada tivéronse en conta as obrigacións derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio ambiente.
10. Que o operador económico, no caso de empregar a 50 o mais traballadores:
- Cumpre coa obriga de que, entre eles, polo menos o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecido na normativa vixente en relación cos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social ou ben cumpre as medidas alternativas previstas na normativa vixente, polo que se regula o cumprimento alternativo, con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.
 - Cumpre coa obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que deberán inscribir no Rexistro laboral correspondente.
11. Que o operador económico está dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non causou baixa no mesmo así como que posúe a habilitación empresarial ou profesional necesaria para realizar as prestacións esixidas.
12. Que no caso de resultar proposto como adxudicatario deste contrato me comprometo e obrigo expresamente a presentar a través da Plataforma de Contratos do Sector Público (ou no caso de non resultar posible, a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo), no caso de que se me requira, e dentro do prazo máximo outorgado a tales efectos, a documentación á que fai referencia á Cláusula 17 deste PCAP.
13. Que, á finalización do prazo de presentación das proposicións, cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nos pregos de condicións que rexen esta contratación, podendo acreditarlo cando así o requira o órgano de contratación.
14. Documentos confidenciais: Declaro que deben terse por confidenciais os seguintes documentos incorporados á miña oferta: (detallar os documentos así como a numeración de páxinas asignada a cada un deles, no seu caso).
15. Aos efectos do previsto nos artigos 70.1 e 149.3 da LCSP e do artigo 86 do RXLC, en relación á declaración de concorrer a esta licitación empresas vinculadas por atoparse nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio, indicar o que proceda (marcar con X, non marcar equivale a NON):
- Que a mercantil á que represento **non** se atopa en ningún dos supostos recollidos no artigo 42 do código de comercio.
 - Que a mercantil á que represento **si** se atopa nalgún dos supostos recollidos no artigo 42 do código de comercio, ao pertencer a grupo de empresas coas seguintes sociedades:
 - a)
 - b)
- Non obstante, en relación con esta licitación:
- Non se presenta ningunha empresa das que forman grupo segundo o artigo 42 do CC.

	IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	42/48



- Preséntanse a esta licitación, das empresas que forman grupo segundo o artigo 42 CC:
- a)
- b)

16. Que ten previsto recorrer a capacidades doutras entidades, comprometéndose a amosar ao poder adjudicador a efectiva disposición dos recursos precisos mediante a presentación a tal efecto do compromiso por escrito de ditas entidades (marcar con X, non marcar equivale a NON):

- Si
- Non

17. Que autorizo ao Servizo de Contratación e Fomento a solicitar certificación de estar ao corrente no tocante as obrigas tributarias e coa seguridade social, incluída a de non ter débedas tributarias en período executivo coa Deputación de Lugo, así como verificacións de suficiencia (bastanteos).

18. Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación provincial de Lugo en relación a este contrato, e non poidan ser cursadas a través da plataforma de contratos do sector público sexan efectuadas a través da sede electrónica na dirección de correo electrónico que figura na plataforma de contratos do sector público.

19. Que me someto á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

20. Que coñece a INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS:

Os datos de carácter persoal serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento “Xestión da contratación”, cuxa finalidade é xestión de contratos, emisión de actas e certificacións de obras, servizos ou subministracións a contratistas adjudicatarios.

Finalidade baseada no cumprimento de obrigacións legais pola Deputación de Lugo.

Os datos de carácter persoal poden ser comunicados aos servizos competentes doutras Administracións, cando corresponda.


Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación a normativa de arquivos e documentación.

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8, 27001- Lugo, na Sede Electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org>) ou na dirección de correo electrónico dpd@deputacionlugo.org.

[¹]Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://www.deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamiento/xestion_contratacion

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	43/48




Aviso: Non poderá incluírse neste sobre información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliados de forma automática, mediante a aplicación de fórmulas, porcentaxes ou cifras. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adjudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.

En , de de 20

O LICITADOR
Asdo: D/D^a

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	44/48



ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN CON CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (Obrigatorio).

D/D^a DNI

En nome propio

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Toma parte no procedemento para a adxudicación da Contratación da subministración-----, e para o que fai constar expresamente, que:


1. Acepta tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas pola Deputación provincial de Lugo.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. Comprométese a prestar o obxecto do contrato por importe de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de _____ euros.
4. Ofrece ampliar o prazo da garantía por riba do mínimo fixado no prego (garantía mínima 2 anos), segundo a opción marcado cun "X" polo licitador.
 - 1 ano adicional: 2 puntos
 - 2 anos adicionais: 4 puntos.
 - Non oferta ampliar a garantía.

7.-Declara que ten previsto subcontratar.....(indicar os datos establecidos na cláusula 30 do PCAP e no artigo 215 da LCSP ou, de ser o caso, indicar que non ten previsto subcontratar).

8.-A efectos de desempate, declaro baixo a miña responsabilidade que:
 O número de persoas no cadro de persoal da empresa á que represento é de..... persoas.
 O número particular de persoas con discapacidade na mesma é de

Igualmente declaro que, de resultar adxudicataria do presente contrato e durante a vixencia do mesmo, asume a obriga de ter empregadas persoas con discapacidade nun 2%, cando menos do cadro de persoal da empresa, se esta alcanza un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ou a de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	45/48




con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade. (En caso de ter optado polas medidas alternativas legalmente previstas, e no caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá aportar unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas ao efecto aplicadas).

9.- Comprométese e obrígase expresamente a presentar, dentro do prazo previsto na cláusula 17, a documentación á que fai referencia á cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

O LICITADOR
Asdo: D/D^a

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	46/48




ANEXO IIBis. MODELO DE OFERTA TÉCNICA. Sobre de criterios sometidos a xuízo de valor.

Para cada apartado deberase indicar a proposta técnica exposta. Con carácter obrigatorio, a documentación deberá presentarse en formato electrónico, como un documento PDF compatible con Adobe Acrobat Reader 7.0. A oferta técnica deberá ter unha extensión máxima de 30 páxinas. Deberá presentarse en formato A4, con interliñado de 1,5 e marxes de 2,5 cm. A tipografía a utilizar será Arial ou Calibri, cun tamaño de letra de 11 puntos. As páxinas deberán estar numeradas e poderán incluír gráficos ou imaxes, sempre que non excedan o límite de extensión establecido.

Aquelas ofertas técnicas que non acaden a puntuación mínima de 12 puntos sobre os 36 puntos totais, non continúen no proceso de valoración por non alcanzar o mínimo de calidade esixido.

Criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor	
Oferta técnica.	
- Os medios humanos postos a disposición do proxecto.(Máx.20 puntos)	
<i>O licitador deberá garantir que o persoal encargado do manipulado de bens culturais, como moedas ou outros obxectos de valor histórico ou artístico, conte coa experiencia e o coñecemento axeitados aínda que serán supervisados pola dirección o persoal técnico do museo. Especificamente, o equipo deberá demostrar:</i>	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Experiencia previa no manexo de obxectos patrimoniais, especialmente moedas e pezas similares.</i> • <i>Formación en conservación preventiva para minimizar os riscos durante os movementos para a exposición dos bens.</i> • <i>Capacidade para traballar en coordinación cos técnicos e/ou restauradores do museo, se fose necesario.</i> 	
- Os medios materiais postos a disposición do proxecto.(Máx.10 puntos)	
<i>A empresa licitadora deberá garantir que dispón dos medios materiais adecuados para a fabricación de vitrinas e demais elementos expositivos solicitados no proxecto. Deberá presentar unha relación detallada do equipo, ferramentas e tecnoloxías específicas que se van a empregar para garantir a calidade e precisión da execución. Valorarase especialmente a capacidade de producir de forma autónoma a maior parte dos procesos de fabricación, minimizando a dependencia de terceiros. Especificamente, a proposta deberá incluír:</i>	
<ul style="list-style-type: none"> • <i>Equipos e maquinaria especializada para a fabricación de vitrinas, que aseguren acabados de alta calidade conforme ás esixencias do proxecto.</i> • <i>Ferramentas e tecnoloxía para cortar, ensamblar e montar todos os materiais necesarios.</i> • <i>Procedementos de control de calidade durante o proceso de fabricación, garantindo que os produtos cumpran cos estándares establecidos.</i> • <i>Relación detallada de todos os equipos de produción dispoñibles e a súa capacidade para cumprir cos prazos de execución do proxecto.</i> 	
- Proposta xustificada de redución de prazos de entrega.(Máx.6 puntos)	
<i>Valorarase de xeito positivo a proposta daquelas empresas licitadoras que presenten un cronograma detallado e completamente xustificado que permita unha redución do prazo de entrega, inicialmente estipulado en 12 semanas, ata un máximo de 3 semanas. A redución deberá estar respaldada por unha planificación clara que xustifique a viabilidade de cumprir cos obxectivos do proxecto sen comprometer a calidade nin a correcta execución dos traballos.</i>	
<i>Esta redución será avaliada en función da coherencia e realismo do cronograma presentado.</i>	

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	47/48



ANEXO III: MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

[modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígalas neste acto, segundo resulta da verificación de suficiencia (bastanteo) de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía definitiva en virtude do disposto polo artigo 107 da LCSP para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante a Deputación provincial de Lugo, por importe de: (en letra y en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Excm. Deputación provincial de Lugo, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a Deputación provincial de Lugo ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para isto autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(firma dos apoderados)

TIPO DE BASTANTEO QUE PODE PRESENTAR (Soamente será necesario un dos dous)

2.- Bastanteo de poderes pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo.

	IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Fecha y Hora	28/10/2024 14:39:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA	Página	48/48

